DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 81 | Martes, 29 de abril de 2025 | Páx. 24439

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

*RESOLUCIÓN do 22 de abril de 2025 pola que se convoca o Programa de axudas ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2025, con carácter plurianual (código de procedemento VI406E).*

O Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, ten por obxecto, segundo se establece no seu artigo 1, regular os programas de axuda nos ámbitos da rehabilitación de vivenda e da vivenda social, dentro do marco xeral do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e especificamente en relación cos investimentos C02.I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornos residenciais» e C02.I02 «Programa de construción de vivendas en alugamento social en edificios enerxeticamente eficientes», incluídas ambos os dous dentro da compoñente 2 «Implementación da Axenda urbana española: Plan de rehabilitación e rexeneración urbana».

A finalidade do citado real decreto é, polo tanto, contribuír ao cumprimento dos obxectivos do citado plan nos referidos ámbitos da rehabilitación de vivenda e da vivenda social, para alcanzar as metas establecidas ao longo do período de aplicación do plan. O citado real decreto foi modificado polo Real decreto 903/2022, do 25 de outubro, polo que se modifican o Real decreto 42/2022, de 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono alugueiro mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, así como o Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021, e o Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, co obxecto de facilitar a aplicación dos investimentos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e mellorar a xestión das administracións e a tramitación dos procedementos establecidos nos programas de axudas.

O réxime xurídico, a normativa específica aplicable, os requisitos e as obrigas das persoas beneficiarias e o procedemento de concesión serán os establecidos por este real decreto, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e o establecido na normativa autonómica que resulte de aplicación e na convocatoria que se

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

aprobe, así como no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia, Regulamento do MRR, e demais disposicións que articule o MRR e o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e nas ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establecen o procedemento e o formato da información que deberán proporcionar as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Na falta do previsto nesta normativa, aplicaranse as normas de dereito administrativo, así como as normas de dereito privado ou outras de ámbito nacional ou europeo que puideren resultar aplicables.

Así mesmo, ao regular o dito real decreto actuacións incluídas nos referidos investimentos C02.I01 e C02.I02 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, estará suxeito ás disposicións que resulten aplicables do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

De conformidade co establecido no artigo 40 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, en cumprimento dos obxectivos establecidos no anexo á Decisión de execución do Consello (CID, na súas siglas en inglés), do 16 de xuño de 2021, relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España, modificado pola addenda aprobada o 2 de outubro de 2023 pola Comisión Europea, a concesión e execución das axudas deste programa apoiará o cumprimento dos seguintes obxectivos:

a) Obxectivo nº 27 do CID: finalización das actuacións de renovación de vivendas, cun aforro medio de polo menos un 30 % de enerxía primaria (231.000 actuacións de renovación en, polo menos, 160.000 vivendas únicas), o cuarto trimestre de 2024.

b) Obxectivo nº 29 do CID: finalización das actuacións de renovación de vivendas, cun aforro medio de polo menos un 30 % de enerxía primaria (410.000 actuacións de renovación en, polo menos, 285.000 vivendas únicas), o segundo trimestre de 2026.

De acordo co Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, o Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas ten o seu encaixe no investimento


XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

C02.I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornos residenciais».

O custo destas actuacións correspóndese co campo de intervención 025bis «Renovación da eficiencia enerxética dos inmobles existentes, proxectos de demostración e medidas de apoio conformes cos criterios de eficiencia enerxética» do anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, cuns coeficientes de achega do 100 % aos obxectivos climáticos e do 40 % aos obxectivos ambientais.

A execución do MRR exixe o compromiso do cumprimento do principio horizontal de non causar prexuízo significativo que establece o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, respecto dos seis obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xuño de 2020 (Regulamento de taxonomía).

Polo anterior, dentro de cada actuación, avaliarase o cumprimento do principio DNSH sobre cada un dos 6 obxectivos ambientais, segundo o definido na Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia (C/2023/111).

En concreto, en materia de mitigación do cambio climático as actuacións deberán cumprir o obxectivo de mellorar a eficiencia enerxética, conforme o establecido na Directiva 2010/31/EU. Isto contribuirá a menores consumos e, polo tanto, a unhas menores emisións GEI.

No que respecta á economía circular, exixirase que, polo menos, o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532 /EC), xerados no sitio de construción, se prepare para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo, utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.

Ademais, os operadores deberán limitar a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE, e tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

eliminación selectiva de materiais, usando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición.

Así mesmo, establecerase que a demolición se leve a cabo, preferiblemente, de forma selectiva e a clasificación se realice de forma preferente no lugar de xeración dos residuos. Os deseños dos edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade e, en particular, demostrarán, con referencia á ISO 20887 ou outras normas para avaliar a capacidade de desmontaxe ou adaptabilidade dos edificios, como están deseñados, para ser máis eficientes no uso de recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.

No que respecta ao obxectivo ambiental de prevención e control da contaminación, os compoñentes e materiais de construción utilizados no desenvolvemento das actuacións previstas non conterán amianto nin substancias moi preocupantes, identificadas a partir da lista de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006.

Esta resolución regula o procedemento de convocatoria para a Comunidade Autónoma de Galicia do Programa de axudas 4 referido ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. O obxecto deste programa é o financiamento de actuacións ou obras de mellora da eficiencia enerxética nas vivendas, xa sexan unifamiliares ou pertencentes a edificios plurifamiliares.

De conformidade coas facultades atribuídas no artigo 1.1 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, a Comunidade Autónoma de Galicia considera como bases reguladoras do programa de axudas ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética nas vivendas as normas contidas no dito real decreto.

De acordo co disposto no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, poderán ser beneficiarias das axudas deste programa as persoas físicas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias de vivendas, sempre que constitúan o seu domicilio habitual e permanente no momento de solicitar a axuda. Para os efectos de dar cumprimento ao artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, tendo en conta a natureza dos beneficiarios desta resolución, equipárase o domicilio fiscal das persoas físicas ao seu domicilio habitual e permanente. Polo anterior, non será exixible o requisito de estar inscrito no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria.


XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Esta resolución establece como sistema único de presentación das solicitudes a presentación electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, xa que a complexidade do programa e das actuacións subvencionadas exixe a necesaria participación de persoal cualificado que, de conformidade coa lexislación vixente, está obrigado a relacionarse electronicamente coas administracións públicas.

De conformidade con todo o anterior, no exercicio das facultades que me confire o artigo 4 do Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo,

RESOLVO:

Primeiro. *Obxecto e réxime de concesión das axudas*

1. Esta resolución ten por obxecto convocar o Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas, previsto no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, coa finalidade de financiar actuacións ou obras de mellora da eficiencia enerxética nas vivendas, para a anualidade 2025, con carácter plurianual (código de procedemento VI406E).

2. A concesión das subvencións recollidas nesta resolución tramitarase polo procedemento de concorrencia non competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible previsto na convocatoria, de acordo co sinalado no artigo 45.1 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, e no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo. *Bases reguladoras*

1. As subvencións deste programa rexeranse polas bases reguladoras deste programa contidas no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, modificado polo Real decreto 903/2022, do 25 de outubro, polo que se modifican o Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono alugueiro mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, así como o Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021, e o Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, coas especificacións e limitacións recollidas nesta resolución.

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

2. En todo o non recollido nas bases reguladoras e nesta resolución será de aplicación a seguinte normativa:

a) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

b) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

c) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

d) Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

e) Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia e demais disposicións relativas á execución e xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (en diante, PRTR) e do Mecanismo de recuperación e resiliencia.

Na falta do previsto nesta normativa, aplicaranse as normas de dereito administrativo, así como as normas de dereito privado ou outras de ámbito nacional ou europeo que puideren resultar aplicables.

Terceiro. *Crédito orzamentario*

1. As axudas previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 11.81.451A.780.8 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, polos importes de 1.548.339 euros, para a anualidade 2025, e 650.000 euros, para a anualidade 2026.

O programa de axudas ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas é financiado con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, ao estar incluído no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

2. As contías establecidas nesta convocatoria poderán ser obxecto de ampliación mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

(en diante, IGVS), e terán efecto despois da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (en diante, DOG), de conformidade co establecido no artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarto. *Persoas beneficiarias*

1. Ao abeiro dos artigos 41 e 42 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, poderán ser beneficiarias das axudas as persoas físicas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias de vivendas, sempre que constitúan o seu domicilio habitual e permanente no momento de solicitar a axuda. Esta circunstancia acreditarase mediante certificación ou volante de empadroamento.

2. As persoas beneficiarias das axudas poderán facultar e autorizar, mediante o correspondente acordo, que un axente ou xestor da rehabilitación actúe por conta delas. O axente ou xestor da rehabilitación é aquela persoa física ou xurídica, ou entidade pública ou privada, que poida realizar actuacións de impulso, seguimento, xestión e percepción de axudas públicas, mediante mecanismos de cesión do dereito de cobramento ou similares, acceso ao financiamento, elaboración de documentación ou proxectos técnicos ou outras actuacións necesarias para o desenvolvemento das actuacións subvencionables, ao abeiro do artigo 8 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro.

3. As persoas beneficiarias e, de ser o caso, o axente ou xestor da rehabilitación que actúe por conta delas destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións.

Quinto. *Actuacións subvencionables*

1. De conformidade co establecido no artigo 43 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, son actuacións subvencionables aquelas que se realicen en vivendas individuais, xa sexan unifamiliares ou pertencentes a edificios plurifamiliares, nas cales se consiga unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración de, polo menos, o 7 % ou unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable de, polo menos, un 30 %. Tamén se considerarán subvencionables as actuacións de modificación ou substitución de elementos construtivos da envolvente térmica para adecuar as súas características aos valores límite de transmitancia térmica e de permeabilidade ao aire, cando proceda, establecidos nas táboas 3.1.1.a–HE1 e 3.1.3.a–HE1, do Documento básico DB HE de aforro de enerxía do Código técnico da edificación.

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

2. As actuacións deben cumprir coa normativa vixente que lles sexa de aplicación e contar coas preceptivas licenzas e autorizacións administrativas no caso de que estas as requiran.

3. De conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, as vivendas para as cales se solicite financiamento deste programa teñen que constituír o domicilio habitual e permanente das súas persoas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias no momento de solicitar a axuda, circunstancia que será obxecto de comprobación.

Así mesmo, as vivendas deberán contar cun certificado de eficiencia enerxética da vivenda existente no seu estado actual elaborado e asinado pola persoa competente, co contido requirido no Real decreto 390/2021, do 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, inscrito no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia (en diante, RGEEE) no momento da presentación da solicitude, e ter unha referencia catastral diferenciada, de xeito que non se poderá conceder máis dunha axuda por vivenda a unha mesma referencia catastral en cada convocatoria.

4. Non serán subvencionables as actuacións de investimento en xeradores térmicos que utilicen combustible de orixe fósil.

5. As actuacións non poderán estar iniciadas antes do 1 de febreiro de 2020 nin estar finalizadas no momento da publicación desta convocatoria no DOG.

Sexto. *Contía e compatibilidade das axudas*

1. O importe da subvención será do 40 % do custo das actuacións, cun límite de 3.000 euros por vivenda.

2. No importe obxecto de subvención poderán incluírse os honorarios dos profesionais intervenientes, o custo da redacción dos proxectos ou da memoria xustificativa, informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificados. Non se consideran custos subvencionables os correspondentes a licenzas, taxas, impostos ou tributos. Non obstante, o IVE poderá ser considerado subvencionable sempre e cando non poida ser susceptible de recuperación ou compensación, total ou parcial.

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

3. O custo mínimo da actuación terá que ser igual ou superior a 1.000 euros por vivenda.

4. Para os efectos da compatibilidade das axudas deste programa con outras axudas públicas, observarase o disposto no artigo 46 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro. En todo caso, para respectar o principio de dobre financiamento que establece o artigo 188 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento financeiro), os investimentos financiados con fondos MRR son incompatibles con calquera outra fonte de financiamento europea para os mesmos resultados.

Sétimo. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses, o cal comeza a contar unha vez transcorridos cinco días hábiles desde o seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día en que se inicie a presentación de solicitudes. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Non obstante o anterior, se antes da finalización do devandito prazo se esgota o crédito orzamentario previsto nesta convocatoria, terase por rematado o prazo de presentación de solicitudes nesa data. O dito esgotamento será publicado no DOG mediante resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Oitavo. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal, que se incorpora na presente resolución como anexo I.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365).

2. No modelo de solicitude constan como de obrigada consignación os seguintes campos: os datos da vivenda onde se realizan as actuacións de mellora de eficiencia enerxética, a referencia catastral, os datos dos certificados de eficiencia enerxética no seu estado actual e o previsto tras a realización das actuacións, o investimento total, o custo subvencionable, a contía da axuda solicitada, así como a anualidade prevista de finalización da execución.

3. No modelo de solicitude deberán realizarse as seguintes declaracións:

a) Declaración responsable de que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou obtido algunha outra axuda, deberá indicar cales é a súa contía.

b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que solicite ou lle sexa concedida para esa mesma finalidade, con indicación da súa contía e do organismo concedente.

c) Declaración responsable de non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, agás a da letra e) dos ditos artigos, relativa á obriga de encontrarse ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.

d) Declaración responsable de que están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de conformidade cos artigos 21 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Que as obras non se iniciaron antes do 1 de febreiro de 2020 nin están rematadas no momento da publicación desta convocatoria no DOG.

f) Declaración responsable de que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidos nas bases reguladoras e na convocatoria deste programa.

g) Declaración de que todos os datos da súa solicitude son certos.

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

Noveno. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán presentar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da representación da persoa ou entidade que actúe en nome da persoa física solicitante, de ser o caso. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/modelos-xenericos

b) Escritura pública, certificado, nota simple rexistral ou calquera outro documento que acredite a titularidade da propiedade ou do usufruto da vivenda, no caso de que a solicitante sexa unha persoa física que non conste como titular catastral.

c) Contrato de alugamento da vivenda, no caso de que a vivenda non sexa o domicilio habitual e permanente da persoa propietaria ou usufrutuaria solicitante.

d) Contrato de alugamento da vivenda e autorización da persoa arrendadora para realizar as actuacións, no caso de que a persoa solicitante sexa arrendataria.

e) Proxecto da actuación que se vai realizar, subscrito por persoa técnica titulada competente ou, de ser o caso, memoria xustificativa da actuación, que deberán contar coa conformidade da persoa beneficiaria. A documentación mínima desta memoria será a descrición e a xustificación do cumprimento dos requisitos, orzamento desagregado e planos que definan completamente a actuación. Así mesmo, incluirá a contía da actuación subvencionada e da axuda solicitada.

f) Certificado de eficiencia enerxética da vivenda do seu estado final, considerando executadas as actuacións previstas, realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o Certificado de eficiencia enerxética do seu estado actual ou previo á intervención, subscrito por técnico/a competente, en que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención da axuda. Con este certificado xuntaranse os arquivos de cálculo (.xml, .cee ou .hee, etc.) xerados polo programa utilizado para a súa elaboración.

g) Licenza, solicitude de licenza ou comunicación previa, segundo proceda, onde se describa a actuación para a cal se solicita a axuda.

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

h) No suposto de que o importe correspondente aos custos elixibles da actuación supere a contía de 40.000 euros en obras e/ou 15.000 euros en servizos ou subministracións para o mesmo contratista ou provedor, copia de tres orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

i) Reportaxe fotográfica, preferentemente en cor, de todos os elementos obxecto da axuda antes da actuación.

j) Anexo II, comprobación de datos da persoa que ten o seu domicilio habitual e permanente na vivenda obxecto das actuacións subvencionables, no suposto de que sexa distinta da persoa solicitante da subvención.

k) Documento acreditativo do correspondente acordo coa persoa propietaria, usufrutuaria ou arrendataria interesada na subvención, no suposto de actuar por medio dun axente ou xestor de rehabilitación.

l) Anexo III, de declaración responsable do cumprimento do principio de «non causar un prexuízo significativo ao ambiente» no sentido establecido no número 6) do artigo 2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.

m) Anexo IV, de declaración de compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puideren afectar o obxecto de xestión e de cesión e tratamento de datos en relación coa execución e actuacións do PRTR.

n) Anexo V, de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) en relación coa execución e actuacións do PRTR.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, excepto que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

3. De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

Décimo. *Forma de presentación da documentación complementaria*

1. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

2. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias presentadas pola persoa ou entidade interesada, para o cal poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número do expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Décimo primeiro. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar este procedemento e para cumprir coa obriga da identificación do perceptor final prevista no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, excepto que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) Documento nacional de identidade (en diante, DNI) ou número de identidade de estranxeiro/a (en diante, NIE) da persoa solicitante e, de ser o caso, da persoa usufrutuaria e/ou arrendataria.

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

b) DNI/NIE da persoa representante, de ser o caso.

c) Número de identificación fiscal (en diante, NIF) da entidade representante, de ser o caso.

d) Estar ao día no pagamento coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) para subvencións e axudas, coa Seguridade Social e/ou coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, da persoa solicitante, no momento do pagamento da subvención.

e) Consulta de datos de residencia con data da última variación do padrón da persoa solicitante e, de ser o caso, da persoa usufrutuaria e/ou arrendataria.

f) Certificado catastral de titularidade correspondente á persoa solicitante e, de ser o caso, da persoa usufrutuaria.

g) Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais da vivenda en que se van levar a cabo as actuacións, que acredite o seu uso.

h) Consulta de bens inmobles.

i) Certificado de eficiencia enerxética da vivenda no seu estado actual, co contido requirido no Real decreto 390/2021, do 1 de xuño, asinado por un/unha técnico/a competente e inscrito no RGEEE.

j) Consulta de subvencións e axudas.

k) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas ou ás entidades interesadas que presenten os documentos correspondentes.

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

Décimo segundo. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Décimo terceiro. *Órganos administrativos competentes para instruír e resolver o procedemento*

1. A instrución do procedemento é competencia da Dirección Técnica de Axudas á Vivenda do IGVS.

2. Correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS resolver sobre a concesión das axudas solicitadas.

Décimo cuarto. *Procedemento de concesión*

1. Se as solicitudes non reúnen algún dos requisitos exixidos nas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase a persoa solicitante para que, no prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistida na súa petición, logo da correspondente resolución, nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. O órgano instrutor poderá requirir a persoa solicitante para que presente cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para tramitar e resolver o procedemento e solicitará os informes pertinentes para comprobar que as solicitudes presentadas cumpren os requisitos exixidos polas bases reguladoras, por esta convocatoria e pola demais normativa de aplicación.

3. Unha vez completado o expediente e despois das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas, a persoa titular da Dirección Técnica de Axudas á Vivenda do IGVS emitirá un informe sobre o cumprimento dos requisitos e elevará a proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, quen resolverá o que en dereito proceda.

4. Para os efectos da concesión das axudas, terase en conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia, ata que se esgote o or-

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

zamento da convocatoria. Considérase data de presentación aquela en que a solicitude quede validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e vir acompañada da totalidade dos documentos exixidos nesta resolución. Así mesmo, considerarase esgotado o orzamento cando se efectúe o rexistro da última solicitude de axuda que totalice o importe total do crédito desta convocatoria. Non obstante, no caso de terse esgotado o crédito nas anualidades para as cales solicita a axuda, o IGVS poderá concedela para outras anualidades en que exista crédito dispoñible.

5. De conformidade co establecido nos artigos 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as resolucións de denegación das axudas solicitadas poderán publicarse na páxina web do IGVS https://igvs.xunta.gal, logo de publicación desta circunstancia no DOG.

Décimo quinto. *Resolución e recursos*

1. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución deste procedemento será de tres meses, contados desde a data de presentación da solicitude. Finalizado o citado prazo sen que se dite e se notifique a resolución, as persoas solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

2. A resolución estimatoria indicará a persoa beneficiaria, as actuacións subvencionables, o custo elixible, a contía da subvención concedida, as condicións que se deberán cumprir para a execución da obra, o seu prazo de finalización e de xustificación.

O prazo para executar as obras non poderá exceder os doce meses, contados desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda. En todo caso, de acordo co artigo 48 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, as actuacións obxecto de financiamento a través deste programa deberán estar finalizadas antes do 30 de xuño de 2026.

3. Cando a actuación proposta requira proxecto e a solicitude inclúa inicialmente só a memoria, o órgano competente poderá ditar unha resolución de concesión da axuda suxeita expresamente á condición resolutoria de que, nun prazo máximo de tres meses desde a notificación da resolución de concesión, se achegue o proxecto da actuación que se vai realizar correspondente á axuda concedida.

4. Contra a resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS poderase interpor recurso de alzada perante a persoa titular da Presidencia do IGVS. O prazo de interposición deste recurso será dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

5. As persoas beneficiarias disporán dun prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución de concesión, para a súa aceptación. Transcorrido o citado prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

Décimo sexto. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Ademais das recollidas nos artigos 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas:

a) Executar as actuacións subvencionadas dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión, co cumprimento das condicións e prescricións que nela se establezan.

b) Xustificar a execución da actuación presentando os documentos sinalados nas bases reguladoras e no ordinal décimo noveno desta resolución.

c) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o IGVS considere pertinentes durante o proceso de execución e as que deriven da normativa aplicable á xestión de axudas financiadas cos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, Regulamento do MRR, e demais disposicións que articulen o MRR e o Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

e) Comunicarlle ao IGVS a alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas deste programa.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, durante un período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, na falta do dito pagamento, da operación. Se o financiamento é inferior ou igual a 60.000 euros, o período será de 3 anos.

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

g) Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento en que se aboen as subvencións.

h) Cumprir cos requisitos que figuren no Manual de imaxe do programa, que estará dispoñible na web do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana (http://www.mivau.gob.es), en toda referencia en calquera medio de difusión á actuación obxecto das axudas.

Así mesmo, cumprir coas obrigas de comunicación e publicidade segundo o establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro. Os perceptores de fondos da Unión farán mención da procedencia deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, incluso, cando cumpra, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», en particular cando promovan as accións e os seus resultados, e facilitarase información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

Polo tanto, as persoas beneficiarias deben dar a adecuada publicidade e información de que as actuacións están subvencionadas no marco do PRTR de España, de conformidade co establecido no artigo 9.3.b) da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, e daráselle visibilidade, cando cumpra, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», en particular, nas medidas de información e comunicación das actuacións (carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados, etc.). Na ligazón https://www.miteco.gob.es/es/ministerio/recuperacion-transformacion-resiliencia/comunicacion/ pode descargarse o Manual de comunicación para xestores e beneficiarios dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

i) Cumprir as demais obrigas que derivan das bases reguladoras contidas no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, e desta resolución de convocatoria.

Décimo sétimo. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención ou, de ser o caso, a obtención concorrente doutras subvencións e axudas, fóra dos casos permitidos por esta resolución, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da subvención ou á súa revogación.

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

2. En todo caso, a modificación da resolución de concesión realizarase nos termos do artigo 35 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Décimo oitavo. *Reaxuste de anualidades*

No caso de que o ritmo de execución das obras fose diferente ao establecido na resolución de concesión, poderá reaxustarse a anualidade de finalización, logo da solicitude da persoa beneficiaria, mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria para a súa realización, de conformidade co establecido no ordinal décimo sétimo.

En ningún caso o prazo de execución poderá exceder os 12 meses, contados desde a data da notificación da resolución de concesión da axuda. En todo caso, as actuacións deberán estar finalizadas antes do día 30 de xuño de 2026.

Décimo noveno. *Xustificación da subvención*

1. As persoas beneficiarias deberán comunicarlle á Dirección Técnica de Axudas á Vivenda do IGVS a finalización das obras e presentar a documentación xustificativa das actuacións realizadas. A comunicación da execución das actuacións realizarase mediante a presentación, debidamente cuberto, do anexo VI que se xunta con esta resolución, no prazo máximo de tres meses, contados desde o día seguinte ao da finalización das obras e, en todo caso, sempre dentro da anualidade que figura na resolución de concesión como prazo de finalización das obras.

2. De conformidade co sinalado no artigo 45.12 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, a comunicación da execución das actuacións e a súa xustificación deberán vir acompañadas, no caso de que non se presentasen con anterioridade, coa documentación que proceda da sinalada a seguir:

a) Licenza de obras ou, no caso de comunicación previa, a conformidade administrativa ou unha declaración responsable de que non foi notificado nin requirido polo concello en relación coa non conformidade da obra.

b) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, entre as cales debe figurar o cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente (DNSH), conforme o exixido polas bases regula-

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

doras e a resolución de concesión da axuda, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Esta memoria será realizada e subscrita por unha persoa técnica titulada competente e, indicará, así mesmo, a data de conclusión das actuacións, e fará constar o cumprimento da normativa de obrigado cumprimento que lle sexa de aplicación.

c) Certificado de eficiencia enerxética da vivenda obtido unha vez realizadas as actuacións emitido co mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o certificado previo á intervención, subscrito por persoa técnica competente, en que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención da axuda, e inscrito no RGEEE.

d) Certificado das instalacións correspondentes, se for o caso, subscrito polo director da instalación ou instalador autorizado, rexistrado na consellería competente en materia de industria.

e) Reportaxe fotográfica das obras executadas, preferentemente en cor e de todos os elementos obxecto da axuda.

f) Xustificantes de gasto ou facturas relativas á actuación subvencionada levada a cabo.

g) Xustificantes do pagamento realizado, mediante transferencias, certificacións ou extractos bancarios que acrediten o pagamento relativo ás facturas da actuación subvencionada.

h) Anexo VII, no caso de cesión do dereito de cobramento da subvención ao abeiro do ordinal vixésimo primeiro.

3. A documentación presentarase na mesma forma que a solicitude e a documentación complementaria, tendo en conta o establecido no ordinal décimo segundo.

Vixésimo. *Pagamento da subvención*

O pagamento da subvención requirirá que a persoa beneficiaria presente a documentación relacionada no ordinal anterior e aboarase mediante transferencia bancaria no número de conta sinalado para estes efectos no anexo I da solicitude.

Vixésimo primeiro. *Cesión do dereito de cobramento*

1. As persoas beneficiarias poderán ceder o dereito de cobramento da súa subvención ás persoas que emitan as facturas correspondentes ás actuacións subvencionadas ou ao axente ou xestor da rehabilitación, de ser o caso.

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

2. No caso de cesión do dereito de cobramento da subvención, as persoas beneficiarias deberán presentar, xunto coa comunicación da finalización da actuación prevista no ordinal décimo noveno, o anexo VII debidamente cuberto, e estarán exentas de presentar os xustificantes de pagamento previstos na letra g) do punto 2 do ordinal décimo noveno, correspondentes ao importe dos dereitos cedidos.

3. A cesión do dereito de cobramento non afectará as obrigas asumidas polas persoas beneficiarias como consecuencia da concesión da axuda, incluídas as de xustificación da subvención, nin as facultades do IGVS, sobre a revogación, modificación ou revisión da resolución de concesión e, de ser o caso, do reintegro da subvención.

Vixésimo segundo. *Perda e reintegro da subvención. Criterios de gradación de posibles incumprimentos*

1. Será causa de perda e reintegro da subvención, ademais das previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o incumprimento das obrigas recollidas no ordinal décimo sexto desta resolución. Así mesmo, poderá ser causa de perda da subvención a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das circunstancias determinantes do recoñecemento da subvención.

2. Se non se cumprisen os requisitos establecidos no ordinal quinto, ou non se cumprise calquera outra exixencia das establecidas no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, a axuda sería revogada.

3. A perda do dereito á percepción da axuda outorgada comportará, de ser o caso, o reintegro das cantidades aboadas ata ese momento, incrementadas cos xuros de demora desde a data do seu pagamento.

4. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e, de ser o caso, para facer efectiva a devolución será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Vixésimo terceiro. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas e ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, as persoas e as entidades interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e polas entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e, rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a el.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Vixésimo cuarto. *Control e loita contra a fraude*

1. En cumprimento co establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, estableceranse mecanismos para a prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de intereses.

2. As entidades beneficiarias destas subvencións e, de ser o caso, a persoa cesionaria do dereito de cobramento someteranse ás actuacións de control que realice o IGVS para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, á Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, á autoridade de xestión e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e ás verifica-

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

cións do artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia e o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión. En particular, deberán autorizar a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo e, cando proceda, a Fiscalía Europea para exercer os dereitos que recoñece o artigo 129, punto 1, do referido regulamento financeiro.

3. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf

Sen prexuízo disto, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI), (https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias). Estas canles garantirán en todo caso o anonimato da persoa denunciante.

4. No control e na loita contra a fraude o IGVS actuará de conformidade co establecido no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia e no seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, que son de aplicación a esta convocatoria. As ligazóns aos citados plans no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia son as seguintes: https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/vivenda-infraestruturas/plan-antifraude-igvs-2024.pdf, para o Plan xeral da Xunta de Galicia, e https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude-gal.pdf, para o específico do IGVS.

Vixésimo quinto. *Análise sistemática do risco de conflito de intereses*

O presente procedemento de concesión de subvencións está suxeito á análise sistemática e automatizada do risco de conflito de intereses prevista na disposición adicional centésimo décimo segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, o órgano de concesión da subvención poderalles solicitar ás persoas solicitantes da subvención a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de Minerva. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá achegarse ao órgano de concesión da subvención no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través do Minerva, o responsable da operación levará a cabo un novo control *ex ante* do risco de conflito de intereses, con indicación, en lugar de á persoa solicitante da subvención, ás persoas titulares reais recuperadas polo órgano de concesión da subvención.

Vixésimo sexto. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Vixésimo sétimo. *Base de datos nacional de subvencións*

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no punto oitavo do devandito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao DOG do extracto da convocatoria para a súa publicación de acordo co establecido no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas.

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

Vixésimo oitavo. *Habilitación para o desenvolvemento*

Habilítase a persoa titular da Dirección Xeral do IGVS para ditar as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta resolución, así como para adoptar os acordos, instrucións e aclaracións que sexan precisos para a xestión deste programa de axudas.

Vixésimo noveno. *Datos de carácter persoal*

De acordo co establecido no artigo 14.1, letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as entidades beneficiarias quedan informadas, cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Trixésimo. *Recursos contra esta resolución*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan presentar calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Trixésimo primeiro. *Eficacia*

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2025

María Martínez Allegue
Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

ANEXO I

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DE PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACIÓNS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN VIVENDAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA | VI406E | SOLICITUDE |

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

### IDENTIFICACIÓN

TIPO | NÚM. | PAÍS EMISOR

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO

### ENDEREZO

PAÍS

TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

PARROQUIA | LUGAR

### CONTACTO

PREFIXO | TELÉFONO 1 | PREFIXO | TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

### IDENTIFICACIÓN

TIPO | NÚM. | PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO

## DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas serán realizadas só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO | TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

ANEXO I
(continuación)

## DATOS BANCARIOS

○ Formato IBAN ○ Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

| TITULAR DA CONTA | NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) |
|---|---|
| | IBAN |

## DATOS DA VIVENDA

○ Vivenda unifamiliar
○ Vivenda en edificio plurifamiliar

○ A vivenda forma parte dunha comunidade de propietarios: *NIF da comunidade:
○ A vivenda non forma parte dunha comunidade de propietarios.

| TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| PARROQUIA | LUGAR |
|---|---|
| | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| | | | |

A vivenda é o domicilio habitual e permanente da persoa:
○ propietaria ○ usufrutuaria ○ arrendataria

REFERENCIA CATASTRAL DA VIVENDA:

| ANO DE CONSTRUCIÓN | SUPERFICIE CONSTRUÍDA | SUPERFICIE HABITABLE (segundo CEE) |
|---|---|---|
| | | |

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

ANEXO I
(continuación)

## DATOS DOS CERTIFICADOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO (CEE) NO ESTADO ACTUAL E PREVISTO

| | | |
|---|---|---|
| **Certificado da eficiencia enerxética da vivenda no estado actual inscrito** no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia (RGEEE) | Número de rexistro: | DATA |
| | IN413D/ / /R | |
| | ZONA CLIMÁTICA | |

| | ACTUAL | PREVISTO TRAS A ACTUACIÓN | Porcentaxe de aforro previsto (%) |
|---|---|---|---|
| Consumo de enerxía primaria non renovable do edificio ou vivenda (kWh/m$^2$ ano) | | | |
| Demanda enerxética conxunta de calefacción e refrixeración (kWh/m$^2$ ano) | | | |

| | ACTUAL | PREVISTO TRAS A ACTUACIÓN |
|---|---|---|
| Letra de CEE en consumo de enerxía primaria non renovable | | |
| Letra de CEE en emisións totais de $CO_2$ | | |
| Emisións totais de $CO_2$ ($kgCO_2/m^2$ ano) | | |
| **No caso de instalar enerxías renovables:** | | |
| Renovables: enerxía eléctrica xerada e autoconsumida (KWh/ano) | | |
| Renovables: capacidade operativa para enerxía renovable (MW) | Instalada | Adicional instalada |

| ACTUACIÓN SUBVENCIONABLE | INVESTIMENTO TOTAL SEN IVE (1) | INVESTIMENTO TOTAL CON IVE (1) | CUSTO SUBVENCIONABLE SEN IVE (2) | CUSTO SUBVENCIONABLE CON IVE (2) | IMPORTE DE AXUDA SOLICITADA (3) |
|---|---|---|---|---|---|
| ☐ Rehabilitación enerxética da envolvente | | | | | |
| ☐ Instalación de enerxías renovables | | | | | |
| TOTAL | | | | | |

(1) Suma de todos os gastos derivados da obra con ou sen IVE, incluíndo gastos non subvencionables, como os correspondentes a licenzas, taxas, impostos ou tributos e, se os houbese, aqueles gastos da obra que non son obxecto da axuda.
(2) Suma de todos os gastos subvencionables con ou sen IVE (gastos das actuacións de mellora enerxética, honorarios dos profesionais intervenientes, o custo da redacción dos proxectos, memorias, informes técnicos e certificados necesarios, gastos de tramitación administrativa e outros gastos xerais).
(3) 40 % do custo subvencionable con IVE, cun límite de 3.000.

## ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DAS OBRAS:

○ 2025 ○ 2026

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

ANEXO I
(continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
   - ◯ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade.
   - ◯ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | ANO | DISPOSICIÓN REGULADORA | IMPORTE (€) |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña desta ou doutras administracións públicas ou de outros entes públicos, nacionais ou internacionais, ou de calquera outra entidade pública ou privada, a partir da data desta declaración, con indicación da súa contía.

2. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agás a da letra e) dos ditos artigos relativa á obriga de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.

3. Estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 21 del Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Que as obras non se iniciaron antes do 1 de febreiro de 2020 nin están rematadas no momento da publicación desta convocatoria no DOG.

5. Que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidos nas bases reguladoras e na convocatoria deste programa.

6. Que todos os datos da súa solicitude son certos.

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

ANEXO I
(continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

- ☐ Escritura pública, certificado, nota simple rexistral ou calquera outro documento que acredite a titularidade da propiedade ou do dereito de usufruto da vivenda, no caso de que a solicitante sexa unha persoa física que non conste como titular catastral.
- ☐ Contrato de alugamento da vivenda, no caso de que a vivenda non sexa o domicilio habitual e permanente da persoa propietaria ou usufrutuaria solicitante.
- ☐ Contrato de alugamento da vivenda e autorización da persoa arrendadora para a realización das actuacións, no caso de que a persoa solicitante sexa arrendataria.
- ☐ Proxecto da actuación que se vai realizar subscrito por unha persoa técnica titulada competente ou, de ser o caso, memoria xustificativa da actuación, que deberán contar coa conformidade da persoa beneficiaria. A documentación mínima desta memoria será a descrición e a xustificación do cumprimento dos requisitos, orzamento desagregado e planos que definan completamente a actuación. Así mesmo, incluirá a contía da actuación subvencionada e da axuda solicitada.
- ☐ Certificado de eficiencia enerxética da vivenda no seu estado final, en que se consideren realizadas as actuacións previstas, realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o certificado actual ou previo á intervención, subscrito por técnico/a competente, no cal se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención da axuda. Con este certificado xuntaranse os arquivos de cálculo (.xml, .cee ou .hee, etc.) xerados polo programa utilizado para a súa elaboración.
- ☐ Licenza, solicitude de licenza ou comunicación previa, segundo proceda, onde se describa a actuación para a cal se solicita a axuda.
- ☐ Copia de tres orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe correspondente aos custos elixibles da actuación supere a contía de 40.000 euros en obras e/ou 15.000 euros en servizos ou subministracións para o mesmo contratista ou provedor. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.
- ☐ Reportaxe fotográfica, preferentemente en cor, de todos os elementos obxecto da axuda antes da actuación.
- ☐ Anexo II, de comprobación de datos da persoa que ten o seu domicilio habitual e permanente na vivenda obxecto das actuacións subvencionables, no suposto de que sexa distinta da persoa solicitante da subvención.
- ☐ Documento acreditativo do correspondente acordo coa persoa propietaria, usufrutuaria ou arrendataria interesada na subvención, no suposto de actuar por medio dun axente ou xestor de rehabilitación.
- ☐ Anexo III, de declaración responsable do cumprimento do principio de «non causar un prexuízo significativo ao ambiente» no sentido establecido no número 6 do artigo 2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.
- ☐ Anexo IV, de declaración de compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que poidan afectar o obxecto de xestión, e de cesión e tratamento de datos en relación coa execución e actuacións do PRTR.
- ☐ Anexo V, de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) en relación coa execución e actuacións do PRTR.

| | ÓRGANO | CÓD. DE PROC. | ANO |
|---|---|---|---|
| ☐ Documentación acreditativa da representación da persoa ou entidade que actúe no nome da persoa física solicitante, de ser o caso. | | | |

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

ANEXO I
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

| Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos. | OPÓÑOME Á CONSULTA |
|---|---|
| DNI/NIE da persoa solicitante | ☐ |
| DNI/NIE da persoa representante | ☐ |
| Consulta de datos de residencia con data da última variación padroal | ☐ |
| Certificado catastral de titularidade correspondentes á persoa solicitante | ☐ |
| Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais da vivenda en que se van levar a cabo as actuacións, que acredite o seu uso | ☐ |
| Consulta de bens inmobles | ☐ |
| Certificado de eficiencia enerxética da vivenda no seu estado actual, co contido requirido no Real decreto 390/2021, do 1 de xuño, asinado por técnico/a competente e inscrito no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia (RGEEE) | ☐ |
| Consulta de subvencións e axudas | ☐ |
| Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas | ☐ |
| **CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS**<br>A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente. | **AUTORIZO A CONSULTA** |
| NIF da entidade representante | ○ Si ○ Non |

| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Instituto Galego da Vivenda e Solo. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa ou entidade interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa ou entidade interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para tramitar e resolver os seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.<br>A consellería competente en materia de auditoría de fondos comunitarios, de conformidade co recollido nos regulamentos comunitarios do Mecanismo de recuperación e resiliencia e restante normativa que lle resulte de aplicación. |
| Exercicio de dereitos | As persoas ou entidades interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos). |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | (https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos) |

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

ANEXO I
(continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (BOE número 239, do 6 de outubro).
- Real decreto 903/2022, do 25 de outubro, polo que se modifican o Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono alugueiro mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, así como o Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021, e o Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (BOE número 257, do 26 de outubro de 2022).
- Resolución do 22 de abril de 2025 pola que se convoca o Programa de axudas ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2025, con carácter plurianual (código de procedemento VI406E).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

________ , ____ de ________ de ____

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE VIVIENDA Y AGENDA URBANA

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Instituto Galego da Vivenda e Solo

CVE-DOG: nfsr0520-0dv6-ldw7-xvd1-3109a1fbebw1

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DA PERSOA QUE TEN O SEU DOMICILIO HABITUAL E PERMANENTE NA VIVENDA OBXECTO DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

**(No suposto de que sexa distinta da persoa solicitante)**

VI406E. PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN VIVENDAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia.

| NOME E APELIDOS | NIF | | COMPROBACIÓN DE DATOS<br>Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas | OPÓÑOME Á CONSULTA |
|---|---|---|---|---|
| | | ○ Persoa usufrutuaria | DNI/NIE | ☐ |
| | | | Consulta de datos de residencia con data da última variación padroal | ☐ |
| | | | CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN: | |
| | | | ☐ Certificado catastral de titularidade correspondente á persoa usufrutuaria | ☐ |
| | | ○ Persoa arrendataria | DNI/NIE | ☐ |
| | | | Consulta de datos de residencia con data da última variación padroal | ☐ |

| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Instituto Galego da Vivenda e Solo. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa ou entidade interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa ou entidade interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
